

Exeria
versión 1.0

Aplicación para linguaxe non sexista instalábel en OpenOffice (2008-2009), desenvolvido para a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar Secretaria Xeral da Igualdade e a Consellería de Innovación e Industria Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

Patróns lingüísticos desenvolvidos por TagenAta con licenza GPL V.3 da Free Software Foundation. Motor de análise textual e interface desenvolvidos por imaxin|software con licenza GPL V.3 da Free Software Foundation.

A desambigüación automática para o galego está baseada no Freeling, ferramenta de análise lingüística da UPC, con licenza GPL da Free Software Foundation.

Versións para as cales está dispoñíbel o paquete - Debian Etch, Ubuntu 8.04, Ubuntu 8.10

1.- É necesario instalar Java 1.5 seguindo os pasos descritos nos puntos 1.2 ou 1.3.

1.2 Descargue o paquete Java Runtime Environment (JRE) desde http://java.sun.com/javase/downloads/index_jdk5.jsp.

```
Unha vez descargado hai que atribuírlle permisos de execución:  
$chmod +x jre-1_5_0_16-linux-i586.bin
```

```
Execute o instalador:  
$./jre-1_5_0_16-linux-i586.bin
```

A continuación execute OpenOffice.org Writer. Vaia a Ferramentas->Opcións->Java, prema Engadir e indique o cartafol onde se instalou Java.

Reinicie OpenOffice.org Writer.

1.3 Descargue o paquete sun-java5-jre:
\$apt-get install sun-java5-jre

En Debian e Ubuntu non é necesario indicarlle a OpenOffice Writer o camiño a Java xa que o detecta automaticamente.

1.4 En Ubuntu tamén é necesario descargar o paquete openoffice.org-java-common:
\$apt-get install openoffice.org-java-common

2.- Instale o paquete Exeria:
\$dpkg -i exeria-1.0_i386.deb

3.- Execute OpenOffice.org Writer e engada a extensión Exeria seguindo as seguintes instrucións:

3.1 Vaia a Ferramentas->Xestor de extensións->Engadir e seleccione o camiño á extensión,
a localización predefinida é /usr/share/xecore/exeria.oxt.

3.2 Reinicie OpenOffice.org Writer.